

Le o texto e resolve as actividades que se propoñen sobre el:

O papel das mulleres na pesca galega e no traballo relacionado co mar foi fundamental para o desenvolvemento de moitas das actividades do sector, desde a extracción do recurso, pasando pola transformación, comercialización e servizos relacionados. Algúns destes pasos na cadea produtiva teñen un carácter eminentemente feminino, como son o marisqueo e a fabricación de conservas e outros transformados da pesca. Tamén posúen un papel destacado na miticultura*, no comercio polo miúdo e nalgúns servizos relacionados, como a fabricación e reparación de redes.

V.V. A.A.: «Realidade e perspectivas do traballo feminino no mundo do mar». En *Ardentía*, nº 4.

miticultura: Técnica de criar e cultivar mexillóns.

1 a) Quen son as protagonistas do texto que acabas de ler?

.....

b) Que quere dicir que o seu traballo é «fundamental»?

.....

.....

c) Escribe polo menos tres actividades diferentes que fagan as mulleres.

.....

.....

2 Cal das dúas palabras subliñadas é a primitiva?

.....

• A outra palabra, é derivada ou composta?

.....

• Escribe todas as palabras que poidas desa familia léxica.

.....

.....

3 Subliña no texto da actividade 1 todos os verbos que atopas e completa esta táboa:

verbo	persoa	número	tempo	modo

4 Reescribe as oracións colocando as parénteses e as comiñas que faltan:

– O meu libro preferido titúlase As aventuras do rei Martiño.

.....

– Na película Casablanca fíxose famosa esta frase: Creo que isto é comezo dunha grande amizade.

.....

.....

– O autor deste libro é natural de Rianxo A Coruña.

.....

– A Organización das Nacións Unidas ONU vai celebrar unha conferencia internacional sobre a educación.

.....

.....

5 Cal destes fragmentos está en estilo directo? Sublíñao:

a) O mariñeiro berrou: «Terra á vista!».

b) O mariñeiro berrou que vía terra desde o barco.

• Agora, escribe ti outra oración de dúas maneiras:

Estilo directo:

Estilo indirecto:

